

Segundo Ciclo Primaria Día das letras galegas 2012

**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade»**

M.^a del Carmen Félix Cedeira
Vanessa Guimarey Cedeira
Armando Xosé Herrero Mayor
Rosa M.^a Andrés Losada
M.^a Jesús Souto Pereira
María José Vidal Dopazo

**Seminario de Formación
«Material didáctico sobre V. Paz Andrade»**

María Barca Gómez
Xulio Gallego Revaldería
Eva Raquel Guimarey Cedeira
M.^a Luísa Mosquera Seijo
Paz Santiso Andrade
Ana María Seijo López

**Seminario de Formación
«Valentín Paz Andrade na rede»**

Marta Barca Gómez
María Fernández de Sanmamed Maneiro
Francisco Guitián Valeiro
Isabel Hortas González
Julio Pedrosa Moreno
José Antonio Picado Rodríguez

Asesoría pedagóxica CEFORE A Coruña
Isabel M.^a Miguélez Pose

Maquetación e deseño gráfico
Manolo Paz (www.edugaliza.org)

Colexios participantes

CEIP Alfredo Brañas, de Paiosaco-A Laracha
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo
CEIP María Barbeito, da Coruña
CEIP Montel Touzet, da Coruña
CEIP Portofaro, do Temple-Cambre
CEIP Praia de Quenxe, de Corcubión
CEIP San Xosé Obreiro, de Meicende-Arteixo
CEIP Torrente Ballester, de Sigrás-Cambre
CEIP Wenceslao Fernández Flórez, de Cambre
EEI de Dimo, de Catoira

Á Real Academia Galega, á Fundación Penzol, de Vigo, a Antonio Palla e a todos os que contribúen, anónima e desinteresadamente a publicación destas actividades, grazas pola vosa colaboración e xenerosidade.



Edita Seminario Permanente de Formación do
Profesorado do CEIP Galán de Oseiro-Arteixo (A Coruña)
<http://www.seminariogalan.org>



O poeta e escritor Valentín Paz Andrade naceu na parroquia de Lérez, en Pontevedra, o 23 de abril de 1898.

Fixo os estudos de bacharelato na cidade de Pontevedra e estudou Dereito en Compostela, onde coincidiu con numerosos intelectuais galegos: Castelao, Vicente Risco, Antón Villar Ponte, Luís Peña Novo...

Foi membro do Partido Galeguista e nomeado secretario en 1934. Anteriormente fora candidato a deputado nas Cortes, aínda que non saíra elixido.

Dende moi novo adicouse a escribir en xornais e revistas como a «*Gaceta de Galicia*» chegando a dirixir, durante cinco anos, o xornal «*Galicia*», aínda que seguiu colaborando noutros xornais e revistas galegas e de Madrid.

Traballou como avogado de moitas empresas pesqueiras e escribiu moitos libros sobre os problemas da pesca en Galicia e no mundo.

Colaborou, xunto con outras persoas, na creación da empresa Pescanova, adicada a pesca e conxelación de peixes en mares moi afastados de Galicia, así como na publicación de numerosos libros e traballos sobre a industria pesqueira galega e mundial.

Escribiu tamén poesía. O seu primeiro libro está adicado ao seu amigo Alfonso Rodríguez Castelao, e leva por título «*Pranto Matricial*». Máis tarde escribiu «*Sementeira do vento*» e «*Cen chaves de sombra*».

Foi membro da Real Academia Galega e da Real Academia Galega das Ciencias e galardoado co Pedrón de Ouro, a medalla Castelao e numerosos premios máis polo seu traballo a prol de Galicia, da súa cultura e do seu idioma.

Este ano é o autor elixido pola nosa Real Academia para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas.



Valentín Paz Andrade nunha caricatura realizada por Luís Seoane.



«*Cen chaves de sombra*» é o último libro de poemas escrito por Paz Andrade.

1.- A quen está adicado o Día das Letras Galegas de 2012?

2.- Que tipo de texto é o que acabas de ler?

LENDA

FÁBULA

BIOGRAFÍA

3.- Relaciona cos datos da biografía de Valentín Paz Andrade.

NACEU NA...

PONTEVEDRA

FIXO O BACHARELATO EN...

SANTIAGO

ESTUDOU DEREITO EN...

PARROQUIA DE LÉREZ

4.- Arrodea as cinco profesións ou actividades que desenvolveu Valentín Paz Andrade durante a súa vida.

POLÍTICO

PINTOR

DEBUXANTE

CARPINTEIRO

EMPRESARIO

PILOTO

POETA

XORNALISTA

AVOGADO

5.- Que estudos terías que facer ti para poder licenciarte en Dereito? Colorea cinco.

PRIMARIA

F. PROFESIONAL
ELECTRICIDADE

GRAO DE
UNIVERSIDADE

MAXISTERIO

MÁSTER DE
DEREITO

BACHARELATO

FP MECÁNICA

SECUNDARIA

Copia e ordena cronoloxicamente estes feitos da vida de Paz Andrade.

ESTUDOS DE DEREITO EN SANTIAGO

2

DIRECTOR DO XORNAL GALICIA

3

PUBLICA PRANTO MATRICIAL

5

DIRIXENTE DO PARTIDO GALEGUISTA

4

ESTUDOS DE BACHARELATO EN PONTEVEDRA

1

HOMENAXEADO NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

9

CREACIÓN DA EMPRESA PESCANOVA

6

RECIBE A MEDALLA CASTELAO

8

EDICIÓN DE SEMENTEIRA DO VENTO

7

1

2

3

4


5

6

7

8

9



HORIZONTALAIS

- 1.- Provincia na que naceu Paz Andrade.
- 2.- Mes no que naceu Paz Andrade en Lérez.
- 3.- Parroquia pontevedresa na que viu ao mundo.
- 4.- Partido político do que foi dirixente.
- 5.- Nome do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2012.
- 6.- Cidade non galega na que escribiu en diferentes xornais.
- 7.- Foi galardoado con el e era de ouro.
- 8.- Empresa galega de pesca que axudou a fundar.
- 9.- Estudos que realizou na cidade de Santiago.
- 10.- Eran cen e eran de sombra. Forma parte do título do seu último libro de poemas.

Valentín Paz Andrade

Para Xosé Núñez Búa

...Despois da meia noite de Vilaxoán partían...
Polo peirao durmido vultos de homes da vila
pouco a pouco engulidos por un barco sen luces
a pasarela entrando en alongada fila.

...

Cando o pesqueiro boga da Illa para Sálvora
repican a maitíns as monxas dun convento,
as luces de Riveira e de Aguiño esmorecen,
o mar saúda o barco coa súa mao ao vento.

...

Alá fica Rianxo con Castelao de fora,
e Pova do Deán sen don Ramón senlleiro.
Despois o barco vira a costa de Pondal
para ter da liberdade o rumbo verdadeiro.

Ao dobrar Ortegal no roteiro de Franza,
as cantábricas puntas de Galiza dixeron:
Adeus fillos da Terra as alleas ciscados
e que Deus vos recolla no anaco que nos deron!

...

De aqueles que unha noite de Vilaxoán partiron
poucas malvas darían camposanto da Terra.
A dispersión, a praga bíblica de Galiza,
nos exiliados roe como cinzas da Guerra.

Pousa Nova do Mar,
San Xoán, 1976



1.- De onde partía o barco?

2.- Partía de día ou de noite?

3.- Por que lugares pasa o barco?


4.- Que tres escritores galegos cita o poema?

5.- Un deses escritores escribiu o himno galego, sabes o seu nome?

O PEIRAO

O vocabulario referido aos peiraos é moi variado. Poderías colocar cada palabra do recadro no lugar que lle corresponde?

BARCO DIQUE LONXA FARO REDE ÁNCORA NASA NORAI



En Galicia hai bastantes illas, pero ás que podemos ir en barco con certa regularidade son as Cíes e as de Ons. Imos facer un problemiña sinxelo e ver se o sabes resolver.

Queremos ir en barco ata as illas Cíes e saímos de Vigo.
Esta é a táboa de prezos do catamarán.

	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO
ADULTOS	16 EUROS	16 EUROS	18,50 EUROS	18,50 EUROS	16 EUROS
NENOS/AS (0-12 ANOS)	0 EUROS	6 EUROS	9 EUROS	8 EUROS	2 EUROS

**Os nenos e nenas menores, ata os 12 anos, terán que ir acompañados dun adulto.*

Que meses son os máis caros para viaxar un adulto?

En que dous meses se pode viaxar máis barato cun menor de 12 anos?

Averigua en que mes sairá máis barato se a familia que vai viaxar ás illas está formada por cinco persoas: o pai e a nai, un irmán de quince anos, unha irmá de once anos e outra irmá de nove anos.

MES DE...

E en que tres meses sae máis barato viaxar un adulto só ás Cíes?

Valentín Paz Andrade
SEMENTEIRA DO VENTO

A cabalo da mañá
teño unha baranda nova,
para escoitar a riveirana
de luces de cada aurora.

Bañado na onda do mare
e peneirado na brisa
entre as palmas do mencer
entrou encoiros o día.

A gasa da néboa ao lusco
ten remendos amarelos,
que lle botan á mañá
as roupas dos bolicheiros.

...



1.- Que é unha «riveirana»? Colorea.

MULLER QUE VIVE EN RIBEIRA.

BAILE TÍPICO DO RIBEIRO.

MULLER QUE TRABALLA NA RIBEIRA.

BAILE TÍPICO E POPULAR.

2.- De que partes do día fala a poesía?

3.- De que cor son as roupas dos «bolicheiros»?

4.- Que son os remendos amarelos?

5.- Que clase de texto é o que acabas de ler?

UNHA BIOGRAFÍA

UN CONTO DE PRINCESAS

UN POEMA

6.- Samil é unha praia de Vigo, en Pontevedra. Que praia adoitas visitar ti no verán?

7.- Que actividades se poden facer nunha praia?


8.- A palabra **aurora** está no cuarto verso da 1ª estrofa. Onde están situadas estoutras dúas palabras? Indica a estrofa e o verso.

mencer:

lusco:


Coloca cada un dos nomes que aparecen no recadro no lugar que lle corresponden do barco.

PROA POPA AMURA PONTE ÁNCORA OLLO DE BOI
MASTRO SALVAVIDAS CHEMINEA BANDEIRA FUME



Localiza nesta sopa de letras o nome de oito tipos de embarcacións que podemos atopar nas nosas costas.

ARRASTREIRO
BARCAZA
PETROLEIRO
GABARRA
IATE
BOU
GAMELA
DORNA



Completa cada refrán unindo as partes de cada columna e copia dous deles.

Ata o corenta de maio

augas mil.

Olo con marzo que é traidor

verán caluroso.

En abril

non quites o saio.

Chuvia de abril

un día malo e outro peor.

Maio chuvioso,

que sol de setembro.

O verán de San Martiño

enche o carro e o carril.

Vale máis nublado de agosto

ou grande ou pequeniño.

Sabes ti algún outro refrán sobre o tempo?. Escríbeo ou invéntao.


CONSTRUÍMOS UN MUÍÑO DE VENTO?

11

2

O vento é causado polos movementos do aire na atmosfera. Aproveitando este vento podemos construír un muíño que nos pode proporcionar uns bos momentos de diversión.

Para facelo só tes que seguir as instrucións indicadas á dereita. Sorte!



Clasifica os fenómenos atmosféricos do recadro no bloque correspondente.

BRISA CHUVIA MARUSÍA NEVE ORBALLO SARABIA
FURACÁN TORNADO NÉBOA VENDAVAL VAGA

PRECIPITACIÓNS	
TEMPERATURA	
NUBES	
VENTO	
ONDAS	

Os mariñeiros cando o mar está bravo non poden saír a faenar e din que hai «**forte marusía**». Clasifica as seguintes ondas do mar segundo o tamaño que teñan.

FORTE MARUSÍA MAR OVELLADA MAR RIZADA MAR CALMA MARUSÍA

1		M A
2		A A
3		R L L
4		S
5		